

## A ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DA RÍA SUMASE Á DENUNCIA DA CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL CONTRA NORFOR, A FILIAL FORESTAL DE ENCE

A APDR ven de presentar unha solicitude para sumarse á denuncia que ten presentado a delegación provincial de Pontevedra da Consellería de Medio Rural contra a empresa NORFOR, filial forestal de ENCE, por incumprimento do Decreto 81/1989 do 11 de maio, sobre medidas de ordenación das novas plantacións co xénero *Eucalyptus*, en dúas plantacións da provincia xestionadas pola empresa, en Cuñas, no Concello de Ponte Caldelas e Quintás, no concello da Estrada.

A filial forestal de ENCE vense caracterizando por unha xestión das plantacións de eucalipto non xa claramente insostible, senón que está a producir un severo impacto nos nosos terreos forestais. A APDR ven denunciando as prácticas que a empresa realiza e que están a provocar erosión acelerada de solos, perda de diversidade biolóxica, aumento do risco de propagación de incendios forestais e contaminación de solos e cursos de auga con pesticidas e herbicidas. Tamén está NORFOR detrás dos danos á economía forestal de Galicia que provoca a súa política de derrube dos prezos da madeira de eucalipto, que está a provocar o abandono dos traballos culturais e dos montes o que contribúe a incrementar aínda máis o risco de incendio.

Pero a actividade de NORFOR non solo resulta ambiental e economicamente prexudicial senón que tamén é claramente ilegal. En efecto, a empresa ven incumprindo sistematicamente o D. 81/1989 dende a súa publicación en aspectos ambientalmente fundamentais como na necesidade de realizar estudos de avaliación do impacto ambiental en plantacións de máis de 50 hectáreas ou a obrigatoriedade de reservar cando menos un dez por cento da superficie para especies distintas, preferentemente frondosas.

A ilegalidade na que ven incorrendo NORFOR, que agrava os danos ambientais das plantacións de eucalipto e incrementa o risco de propagación de incendio ao realizarse grandes plantacións monoespecíficas sen interrupcións, ven de ser agora denunciada pola Consellería de Medio Rural. A APDR, que ven seguindo a actividade de NORFOR e contrastando as súas malas prácticas forestais, proporá que se sancione á empresa e que se interveña nas parcelas ilegais para realizar unha restauración que evite na medida do posible a degradación de solos que se produce como consecuencia da realización de plantacións con subsolado profundo en grandes superficies que ten realizado a empresa nas plantacións e que se tente de reducir o risco de propagación de incendios nas parcelas denunciadas.

O grave incumprimento da lexislación por parte de NORFOR, ven a por en dúbida a validez dos sistemas de certificación forestal. A empresa posúe dous certificados de xestión forestal sostible, o de PEFC (certificado paneuropeo) e o do Forest Stewardship Council (organismo internacional que certifica en países de todo o mundo); o feito de que a empresa non so realice unha xestión forestal claramente insostible ambiental, social e economicamente, senón que ademais incumpra a lexislación, o que supón un evidente e contrastado incumprimento dos estándares dos sistemas de certificación, e que os organismos certificadores non retiren a NORFOR os selos "verdes" demostra que o feito de estar en posesión dos mesmos non é en absoluto garantía de que a xestión que realizan as empresas certificadas sexa nin minimamente sostible nin tan sequera legal.

Pontevedra, 23 de decembro de 2006